



## CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña)

---

### **BASES QUE REXIRÁN A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN URXENTE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE CATRO PEÓNS PARA UNHA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL (5 HORAS DÍA) AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN DE CORUÑA**

#### **Primeira.- Obxecto da Convocatoria.**

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal por contrato de obra ou servizo determinado, mediante concurso-oposición, de catro peóns durante 5 meses ao abeiro do Programa de Integración Laboral da Deputación da Coruña.

Esta contratación será de 25 horas semanais a modalidade contractual será dun contrato de servizo de duración determinada, a retribución mensual con paga extra xa prorrateada será de 680,33 euros brutos mensuais (quedando incluída a parte proporcional de paga extra na retribución sinalada).

#### **Segunda.- Requisitos dos/as aspirantes.**

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 1 da Lei 17/1993, de 23 de decembro, en redacción dada pola Lei 55/1999 de 29 de decembro:

*1.-De acordo co dereito comunitario, os nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea poderán acceder en igualdade de condición que os españois a todos os empregos públicos, salvo que implique unha participación directa ou indirecta no exercicio do poder público e se trate de funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas.*

*2.- O establecido no apartado anterior será asimismo de aplicación ao cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estén separados de dereito, así como aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe, sempre que non estén separados de dereito, menores de 21 anos ou maiores de dita idade que vivan ao seu cargo.*

*Igualmente, extenderase ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, no que sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.*



## CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña)

---

3.- O Goberno ou, no seu caso, os órganos correspondentes das Comunidades Autónomas o u das demais Administracións públicas determinarán, no ámbito das súas respectivas competencias, os corpos, escalas, plazas, empregos ou postos ós que non podan acceder os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea.

- b) Poseer a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade nin estar afectado por doencia física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. No caso de minusvalía que non impida o exercicio das súas funcións deberá xustificarse por medio da certificación da Consellería competente da Xunta de Galicia.
- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Estar en posesión do certificado de estudos primarios ou similar.
- e) Ter o carnet de conducir.
- f) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. De ser nacional doutro Estado non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- g) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
- e) Estar en situación de desemprego. Deberán estar inscritos na Oficina de Emprego correspondente e ter a tarxeta de demandante de emprego actualizada.

Como regra xeral, o cumprimento destes requisitos refírese á data na que remate o prazo de presentación de instancias ou solicitudes de participación e deberá continuarse coa súa titularidade ao longo do procedemento selectivo.

### **Terceira.- Criterios para a selección de candidatos.**

As persoas a contratar no programa deberán estar incluídas en situacións de exclusión laboral. Estas situacións son as seguintes:

- Mulleres
- Maiores de 45 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos de este programa terán a consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandante de emprego.
- Persoas en situación de drogodependencia.



## CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña)

---

- Persoas que vivan nun fogar donde ningunha teña emprego.
- Persoas en fogar monoparental/monomarental
- Persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sin fogar

As persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego, circunstancia que deberán acreditar os concellos con carácter previo á contratación.

No caso de que non houbera suficientes candidatos que cumpran os criterios establecidos anteriormente, poderá contratarse a outras persoas presentadas nesta convocatoria que reúnan os requisitos establecidos nestas bases e que superen o proceso selectivo.

Para a selección dos/as candidatos/as terás en conta o resultado obtido no proceso selectivo no que se realizará unha fase de oposición que se valorará con 8 puntos e unha fase de concurso que se valora con 2 puntos. A puntuación máxima do proceso selectivo será de 10 puntos.

### **Cuarta.- Presentación de solicitudes e proceso de selección: Oposición.**

O Concello de Vilasantar dará publicidade á convocatoria e as bases de selección por anuncios no taboleiro de edictos do concello e na páxina web facendo referencia ós requisitos que deben reunir os/as traballador/as a contratar conforme da anterior base segunda:

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de editos do concello.

Presentarás unha instancia dirixida ao Sr. Alcalde no rexistro xeral do Concello, achegando a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsado do DNI, ou documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe.
- Toda a documentación orixinal ou compulsada acreditativa do cumprimento dos requisitos de participación contados na cláusula segunda destas bases.



## CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña)

---

- Documentación acreditativa de estar en situación de desemprego mediante a presentación de certificado de períodos de inscrición emitido pola Oficina de Emprego correspondente.
- Persoas desfavorecidas que estén en algunha das seguintes situacións: drogodependencia, vivir nun fogar donde ninguén teña emprego, persoas sin fogar, persoas con fogar monoparental e persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, documentación orixinal ou compulsada acreditativa do cumprimento.
- Persoas con discapacidade: deberán presentar documentación orixinal ou compulsada acreditativa do cumprimento.
- Parados de longa duración: Deberán presentar documentación orixinal ou compulsada acreditativa do cumprimento.
- Persoas vítimas de violencia de xénero. Deberán presentar documentación orixinal ou compulsada acreditativa do cumprimento.
- Documentación acreditativa de ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o alcalde, no prazo máximo de 5 días naturais, aprobará mediante resolución a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, indicando nomes e DNI. A dita resolución será exposta no taboleiro de anuncios do Concello e publicarase na súa páxina web, indicando a causa de exclusión dos/as aspirantes excluídos/as.

No caso de que todas as persoas resulten admitidas publicarase directamente a lista definitiva.

As persoas excluídas disporán dun prazo máximo de 3 días, a partir do seguinte ao da publicación da listaxe, para reclamar contra a exclusión e corrixir as deficiencias sinaladas. De non presentarse reclamacións, a lista provisional elevarase a definitiva. No caso de presentarse, procederase á resolución das reclamacións presentadas no prazo máximo de 3 días naturais.

Unha vez resoltas, o alcalde aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as e sinalará o lugar, a data e a hora para o comezo da valoración dos méritos.



## CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña)

---

Esta resolución publicarásese no taboleiro de editos e na páxina web do Concello.

Os sucesivos anuncios, agás precepto en contrario, publicarásese tamén no taboleiro de edictos do Concello.

### **Quinta.- Comisión seleccionadora e actuación da valoración dos méritos aportados polos/as aspirantes no concurso/oposición:**

Estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: Lourdes García Sánchez, axente de emprego e desenvolvemento do Concello de Vilasantar.

Suplente presidente: Ana Vallo Camba, axente de emprego e desenvolvemento do Concello de Boimorto.

1º Vocal: Ana Belen Vázquez Garea, técnico de intervención familiar do Concello de Vilasantar.

Suplente 1º Vogal: Guadalupe Vázquez Ascariz, traballadora social do Concello de Toques

2º Vocal: Trinidad Veiras Freire, técnico de información xuvenil e Animación Cultural

Suplente 2º Vogal: Esther Vidal Pandelo, traballadora social do Concello de Boimorto.

Secretario: Afonso – Bieito Lorenzo Penela, secretario do Concello de Vilasantar

Suplente secretario: Isabel Novo López, administrativo do Concello de Vilasantar

A comisión non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza de máis da metade, isto é, a maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, incluíndo en todo caso a Presidencia e a Secretaría.

A comisión constituírse no lugar, data e hora e coa composición sinalada.

A comisión, se o estima preciso ou conveniente poderá dispoñer a incorporación ós seus trabados de asesores ou especialistas que actuarán como colaboradores do tribunal exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas.



## CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña)

---

A comisión na súa actuación, axustarásese ao establecido nas presentes bases; no non disposto, serálle de aplicación a normativa prevista para a formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na Lei 30/92, do 26 de novembro, como na demais normativa de concordante aplicación.

Se algún dos/as candidatos/as inicialmente proposto renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, a proposta de contratación da Comisión Seleccionadora sería a favor dos seguintes con maior puntuación total. Crearásese unha bolsa por decreto da alcaldía para a cobertura de posibles vacantes, sempre que os aspirantes obtivesen alomenos a metade da puntuación máxima do proceso selectivo como requisito para formar parte de dita bolsa de emprego, que queda sen efectos unha vez xustificada a subvención do Programa de Integración Laboral do da Deputación da Coruña.

A comisión non poderá en ningún caso propoñer máis aspirantes como aprobados que o número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobado que contradiga este mandato será nula de pleno dereito.

A avaliación do concurso e o desenvolvemento das probas selectivas, así como, a puntuación outorgada e a proposta que se eleve á Alcaldía – Presidencia , recollerásese razoadamente nunha acta, que se levantará ao efecto, elevando a identificación do/a aprobado á Alcaldía - Presidencia

### **Sexta.- Procedemento selectivo.**

O proceso selectivo será o de concurso – oposición:

Fase de oposición: Puntuación máxima 8 puntos.

Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada co posto de traballo a desenvolver, proposta polo tribunal cualificador.

Con carácter xeral, para todas aquelas probas que non poidan celebrarse conxuntamente, iniciaránse por orde alfabética do primeiro apelido, comezando pola A.

Os aspirantes serán convocados/as para a proba práctica en chamada única e deberán presentarse co seu DNI. A non presentación ao exercicio no momento de seren chamados comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar na proba práctica, quedará excluído do proceso selectivo. Nos casos de caso fortuíto ou forza maior que impidise a presentación dos aspirantes no momento previsto, sempre que estea debidamente xustificando e así o aprecie o Tribunal, poderásese examinar ós aspirantes afectados por estas circunstancias, sempre que non rematase a proba correspondente ou de rematar ésta, cando non se entorpeza o desenvolvemento da convocatoria con prexuízo para o interese xeral ou de terceiros.



## CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña)

---

Fase de concurso: puntuación máxima: ata 2 puntos.

Nesta fase valorarásese como mérito ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados e financiados polas Administracións Públicas, o que se xustificará mediante a presentación do título acreditativo de ter rematado con éxito o programa. Concederásese 1 punto por cada programa xustificado ata un máximo de 2 puntos.

A cualificación final será o resultado da suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición. No caso de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, este resolverásese tendo en conta a maior puntuación obtida na fase de oposición.

### **Sétima: Formalización e duración do contrato:**

Concluídas as probas selectivas o Tribunal cualificador formulará proposta de lista de de contratación dos/as aspirantes, por orde decrecente das puntuacións acadadas no procedemento de selección, coa finalidade de que poidan ser contratados segundo as necesidades do servizo. A acta do Tribunal publicarásese no taboleiro de anuncios do Concello de Vilasantar. Os/as interesados/as disporán dun prazo de dous días hábiles contados dende o día seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións que estimen oportunas no Rexistro Xeral do Concello de Vilasantar.

Así mesmo crearásese un la lista de reserva cos candidatos que superen o proceso selectivo para cubrir calquera baixa que se produza neste proceso selectivo.

Para a formalización do contrato o/a aspirante seleccionado/a deberá presentar no prazo de 2 días hábiles a seguinte documentación :

- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou discapacidade que impida exercer a función propia a desenvolver.
- Declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal da/s Administracións Públicas, e non ter sido separado do servizo público.
- Informe emitido polo Servizo Público de Emprego que xustifique que a persoa a contratar está inscrita en dito servizo, en situación de desemprego.

A non presentación dentro do prazo fixado dará lugar a invalidez das actuacións do aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento. Neste caso, a proposta considerarásese feita a prol dos aspirantes que, segundo a orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados.

A duración estimada do contrato é de 5 meses. Establece un periodo de proba para todos os traballadores contratados de 30 días dende a data de inicio da contratación.



## CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña)

---

### **Novena: Incidencias.**

A comisión seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do concurso en todo o non previsto nestas bases.

### **Décima: Normas de aplicación.**

O proceso selectivo regularáse polo disposto nas presentes bases e, no que non estea previsto nelas, polo establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; a Lei 7/2007 do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público; a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; o Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como pola restante normativa estatal ou autonómica vixente, que sexa de aplicación por razón desta material.

As presentes bases e a convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderáse interpoñer polos interesados un recurso de reposición, no prazo dun mes, ante a Alcaldía, con carácter previo ao contencioso – administrativo, no prazo de dous meses ante o Xulgado do contencioso – administrativo de A Coruña, a partir do día seguinte ao da súa publicación ( artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa).

En canto a xurisdicción competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdicción Social.

Vilasantar, 30 de Maio de 2018

O alcalde,



Fernando Pérez Fernández.